

# A convivencia nos centros escolares como factor de calidade

# 12

xornadas de Consellos Escolares das comunidades autónomas e do estado



Suxestións e  
propostas de mellora

Santiago de Compostela  
8,9,10 e 11 de maio, 2001

  
CONSELLO ESCOLAR  
DE GALICIA



CONSELLO ESCOLAR  
DE **GALICIA**



12 jornadas de consellos escolares  
das comunidades autónomas e do estado

A convivencia nos  
**centros escolares**  
como factor de calidade

Santiago de Compostela, maio de 2001

Dep. Legal: C-2.215/01

Maquetación e impresión:  Sur de Chile

# INDICE

## Página

<b>PRESENTACIÓN</b> .....	<b>7</b>
<b>I. PERCEPCIÓN DA SITUACION</b> .....	<b>13</b>
<b>II. PROPOSTAS CONCRETAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA NOS CENTROS</b> .....	<b>16</b>
<b>II.1. En relación co centro</b> .....	<b>16</b>
II.1.1. O centro no seu conxunto .....	16
II.1.2. O Proxecto Educativo de Centro .....	17
II.1.3. O currículo e a transversabilidade .....	18
II.1.4. As normativas de réxime interno .....	19
II.1.5. A aula.....	20
II.1.6. A Comisión de Convivencia .....	22
<b>II.2. En relación cos órganos colexiados de goberno</b> .....	<b>22</b>
II.2.1. O Consello Escolar.....	22
II.2.2. O Claustro .....	23
<b>II.3. En relación coa Dirección</b> .....	<b>24</b>
<b>II.4. En relación con toda a comunidade escolar</b> .....	<b>24</b>
<b>II.5. En relación co profesorado</b> .....	<b>25</b>
II.5.1. O profesorado en xeral.....	25
II.5.1.1. Preparación específica .....	25
II.5.1.2. Valoración social .....	26
II.5.2. A acción titorial .....	26
II.5.3. Os orientadores .....	28
II.5.4. O traballador social e o educador social. A mediación .....	28
<b>II.6. En relación coas familias</b> .....	<b>29</b>
<b>II.7. En relación co alumnado</b> .....	<b>30</b>
<b>II.8. En relación coas Administracións educativas</b> .....	<b>34</b>





# PRESENTACIÓN

---



12

xornadas de consellos escolares  
das comunidades autónomas e do estado



As XII Xornadas de Consellos Escolares das Comunidades Autónomas e do Estado, organizadas polo Consello Escolar de Galicia e celebradas durante os días 8, 9, 10 e 11 de maio de 2001 en Santiago de Compostela, abordaron o tema *da convivencia nos centros escolares como factor de calidade*.

Durante o proceso de preparación das Xornadas, ó longo do curso 2000–2001, os distintos Consellos Escolares elaboraron un informe sobre a situación da convivencia escolar nos seus respectivos territorios, que presentaron como documentación básica para as Xornadas, e recolleron igualmente, con vistas á súa análise nas sesións de debate, casos e experiencias en materia de convivencia en distintos centros escolares.

Cada Consello Escolar formulou ademais e presentou ó Consello Escolar de Galicia un pequeno relatorio de suxestións e propostas en relación coa mellora da convivencia escolar. Estas propostas e suxestións foron ordenadas e sintetizadas polo Consello Escolar de Galicia, que configurou un amplo documento que se remitiu de novo a tódolos Consellos, tralo que se abriu un prazo para presentación de emendas, que foron, por último, analizadas e debatidas no curso das Xornadas.

Como consecuencia deste proceso chegouse, pola vía do consenso, a un denso repertorio de propostas e suxestións para a mellora da convivencia escolar, que os distintos Consellos participantes presentaron ás súas respectivas Administracións educativas, en cumprimento da función que han realiza-los consellos escolares de dirixir propostas ás ditas Administracións, sobre as materias da súa competencia.

Este documento de conclusións das Xornadas sobre a Convivencia nos Centros Escolares é o que agora presenta o Consello Escolar de Galicia a toda a comunidade educativa; algo que se considera de grande interese, toda vez que no dito documento se fan tamén reiteradas suxestións ós distintos sectores e órganos da comunidade escolar, en busca do mantemento e mellora da convivencia nos centros; un factor que tanto inflúe sobre a calidade dos procesos de ensino e aprendizaxe.

Celso Currás Fernández  
Presidente do Consello Escolar de Galicia







# SUXESTIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA

---



12

xornadas de consellos escolares  
das comunidades autónomas e do estado



# I. PERCEPCIÓN DA SITUACIÓN

**1.1.** O traballo nos centros educativos é unha tarefa que implica o conxunto da comunidade educativa. Os seus diferentes membros enfróntanse cada día co seu labor. O profesorado optimizará a súa tarefa docente e educativa, o alumnado deberá aprender e domina-los contidos educativos e formarse globalmente. Nalgúns casos estas tarefas deben realizarse nun contexto ou ambiente pouco agradable ou pouco favorecedor. En mans dos axentes educativos está a posibilidade de mellorar este ambiente para facilita-lo labor prioritario: ensinar e aprender. Así poderán dedicar tódalas súas enerxías a seguir con éxito o proceso educativo, que é o obxectivo que se persegue.

Pode favorecer ou dificulta-lo proceso educativo o ambiente que se crea na aula ou no centro dunha forma máis ou menos permanente a partir da interacción que manteñen os diversos axentes educativos: profesorado, alumnado e demais membros da comunidade escolar. No caso da aula, engádense á interacción as características da área, o método e o espacio; e no caso do centro, o estilo organizativo e de xestión, os espazos e outras características do centro.

**1.2.** A convivencia é un obxectivo específico e fundamental de todo o proceso educativo que reclama actitudes e comportamentos respectuosos, positivos e de consenso por parte de tódolos sectores da comunidade escolar. A súa finalidade é a formación para unha vida social adulta e a mellora do clima escolar.

Neste empeño resulta imprescindible a cooperación de toda a sociedade. En efecto, a convivencia nos centros constitúe, en parte, un reflexo da convivencia na sociedade, coas contradicións e problemas que se observan nela. Por isto, non resulta doado aplicar solucións definitivas para aborda-la problemática da convivencia nos centros educativos se na sociedade en que está inmersa a escola se adoptan posicións de agresividade e violencia, sexa no aspecto físico ou sexa no psicolóxico, que inciden de maneira directa ou indirecta nos actores presentes no ámbito educativo. A mellora da convivencia nos centros educativos debe enmarcarse dentro da necesaria mellora nas relacións existentes entre as diversas persoas, grupos e institucións que conforman a sociedade.

**1.3.** Con independencia de que o conflito é algo normal en toda sociedade libre e democrática, é preciso ademais ter en conta que o sistema escolar foi sempre e é, pola súa natureza mesma, conflictivo, e xera por si mesmo un elevado nivel de presión, imposición e violencia simbólica sobre a poboación escolar: asistencia obrigatoria (cada vez máis prolongada), cumprimento obrigado de tarefas, convivencia forzada cos colegas non elixidos por un, aceptación obrigatoria de normas e condicións de funcionamento, autoridade e decisións dos adultos, non sempre suficientemente pactadas entre todos, etc. Nada ten de estraño que o sistema escolar suscite reaccións cada vez máis adversas en xeracións de xente nova, pertencen-



[13]

tes a unha sociedade que, por outra parte, é cada vez máis permisiva e laxa no nivel das súas esixencias con respecto ás novas xeracións.

**1.4.** Na sociedade e nas familias existe neste momento un elevado nivel de permisividade en relación coas actitudes e os comportamentos da xuventude, e esta situación, con independencia da valoración que en si mesma mereza, fai que se debilite a capacidade dos mozos para asumir a orde escolar, necesariamente caracterizada polo sentido da obrigatoriedade. A pesar de que o sistema educativo comporte unhas imposicións, hai que ilusiona-lo alumnado para a adquisición de coñecementos.

Sobre as familias incide a crise dos valores das sociedades tradicionais, que non se acerta a substituír por outros, co conseguinte desconcerto. Ó non saber moi ben en qué educar suscítase a inhibición e a actitude permisiva. Isto non significa que a familia sexa o único factor de inhibición educativa, senón que existen outros elementos económicos, sociais, culturais, etc, que inflúen nas actitudes permisivas.

**1.5.** Globalmente os mozos gozan na actualidade dunhas cotas de benestar e de acceso ó consumo impensables na infancia e adolescencia que viviron as actuais xeracións adultas. Salvando situacións de claro desfase ou abuso é evidente que o feito non pode considerarse negativo. Pero hai que ser tamén conscientes de que ter xa e disfrutar de case todo pode non favorecer especialmente a pedagogía do esforzo, só rendible a longo prazo, e sobre o que se asenta precisamente o sistema escolar, que se converte, así, ante a estimación do rapaz, en contradictor e inimigo.

Malo sería, dende logo, eleva-la cota do esforzo esixible ata límites traumáticos ou acentuadamente selectivos e discriminadores. Pero tampouco procede rebai-xalos ata o extremo de facelos inoperantes ou, o que é peor, consentir en establecer mecanismos que permitan burlar doadamente as esixencias do esforzo, contribuíndo desta forma a que o mozo dea na ilusión de ter conseguido o que nin sequera intentou.

**1.6.** Parece que no tránsito entre dous séculos, cunha revolución tecnolóxica acelerada e de cambio de valores, e con máis medios materiais que nunca, estamos obrigados a volve-la vista a algúns dos valores máis elementais, como o respecto ós demais, a tolerancia, a convivencia e a solidariedade entre as persoas; os principios básicos da participación e a democracia; o respecto ós dereitos humanos, ó medio ambiente, á igualdade de oportunidades e ó valor da equidade.

Para isto, e dentro do ámbito escolar:

- a) Os docentes deberan reflexionar sobre o papel e funcións que deben desempeñar ante os cambios que se están producindo na sociedade. O profesor actual "aprendeu" as normas sociais de comportamento nunha estrutura e nun sistema diferentes do actual. Polo tanto, o modelo ante-



[14]

rior xa non serve e o profesor ten que cambiar de onda para que conecten os receptores dos alumnos.

- b) Os pais e nais deberán comprometerse a participar na elaboración e a favorecer-lo consenso e a aceptación das normas de convivencia familiar, escolar e social.
- c) Os alumnos deberán participar e contribuír nas normas de convivencia propostas polos grupos de clase e as asembleas de alumnos, así como as propostas e aprobadas pola comunidade escolar.
- d) O conxunto da comunidade educativa debe comprometerse na mellora das normas de convivencia do centro.

**1.7.** Cómpre ir a unha visión ampla e positiva sobre a convivencia e aínda sobre a disciplina, que as sitúe no marco da calidade dos procesos educativos e na busca da harmonía das relacións entre as persoas e entre as institucións e sectores da comunidade escolar.

Non parece axeitado á realidade que os problemas de convivencia nos centros se presenten só en termos de conflito e de violencia; isto proxecta sobre eles unha forte carga de consideracións negativas, que leva como consecuencia a reclamar medidas eminentemente punitivas e de control, normalmente dirixidas contra os estudantes, a quen se considera principais causantes dos conflitos producidos na escola.

**1.8.** A crecente importancia que se dá, non só nos medios de comunicación social senón tamén por parte dos poderes públicos e da mesma comunidade escolar, ós temas relacionados coa convivencia (violencia nas escolas, problemas de orde e disciplina, hábitos pouco facilitadores das relacións entre os distintos sectores da comunidade escolar, etc.), non se corresponden ata agora cunha política positiva de iniciativas innovadoras e de accións que dean resposta ós referidos problemas. Malo sería encomendalo todo a un proxecto de endurecemento das medidas disciplinarias e punitivas, que logo, á hora da verdade, ninguén chega a aplicar de todo, quizá porque acaba faltando convencemento acerca da súa eficacia.

**1.9.** É preciso incidir de forma positiva desde o mundo educativo no papel distorsionador que no tema da convivencia escolar teñen os medios de comunicación, porque se considera que, a miúdo, dan unha imaxe errada tanto do profesorado, que se presenta como o colectivo estresado e desilusionado, como do alumnado, que se presenta como conflictivo. Esta imaxe en ningún caso é representativa da situación real en que nos atopamos.

**1.10.** Os medios de comunicación, tanto a nivel estatal como no ámbito das diferentes comunidades autónomas, veñen ocupándose cada vez con máis frecuencia das accións violentas que ocorren no contorno escolar. Lonxe de trata-lo



[15]

problema en profundidade, algúns destes medios buscan causar impacto e producen na maioría dos casos unha alarma innecesaria que impide analiza-lo problema dende unha óptica educativa e social axeitada.

Debería esixirse maior rigor ós medios de comunicación social, especialmente ós de titularidade pública, no cumprimento dos acordos asinados para a protección da infancia, evitando aqueles programas que promovan contravalores e que propicien comportamentos antisociais. É necesario, por último, desenvolver nos medios de comunicación campañas institucionais para que se valore a función educativa do profesorado.

## II. PROPOSTAS CONCRETAS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA NOS CENTROS

### II.1. En relación co centro

#### II.1.1. O centro no seu conxunto

**II.1.1.1.** Aínda que a aula sexa de seu un marco privilexiado, tanto no que respecta á relación do profesor co alumno coma do alumno co profesor e entre os alumnos, é preciso establecer mecanismos que permitan manter este nivel cualitativo de relacións máis alá da clase en sentido estricto, de forma que o profesor sexa educador e o educando se considere efectivamente tal en tódolos momentos e espacios.

**II.1.1.2.** Considérase que, ante un conflito que afecte á convivencia nun centro, se deben esgotar tódalas posibilidades para resolvelo con criterios pedagóxicos no marco máis próximo a onde xurdiu, cos recursos humanos e os servicios existentes no centro. Ademais, é importante converter sempre os conflitos nunha ocasión para aprender a convivir.

**II.1.1.3.** Habería que detectar en cada centro cáles son os factores máis importantes que están incidindo negativamente na convivencia escolar, para poder actuar con coñecemento fundado sobre eles. Dispoñer de información obxectiva sobre os tipos de dificultades máis comúns ou máis rechamantes, coñece-lo contexto en que se producen, qué alumnos os protagonizan, con qué profesores, con qué frecuencia. Analiza-las posibles causas e os remedios que se están aplicando. En todo caso, a crítica constructiva e a súa aceptación pacífica supón un firme pilar onde fundamenta-la convivencia entre os grupos humanos en xeral, o que ten unha aplicación especialmente relevante no ámbito educativo.



[16]

**II.1.1.4.** É sabido que o contorno físico condiciona dalgún xeito as conductas humanas. Debe asegurarse que os centros reúnan un mínimo de condicións na súa infraestrutura e educa-lo alumnado na súa conservación e respecto.

**II.1.1.5.** Abrirase o centro ó desenvolvemento de actividades en colaboración con organizacións e iniciativas sociais do contorno. Trátase de posibilitar que os propios alumnos e alumnas impulsen actividades en organizacións mixtas con entidades xuvenís, do barrio, ONG, ... Serán elementos de mellora da convivencia a socialización con outros rapaces, a introducción no centro proxectos para actuacións solidarias, así como as actividades artísticas con proxección ó exterior. Tamén sería efectivo, neste sentido, levar " invitados " ó centro para participar en coloquios ou outras actividades que xurdiran da iniciativa dos alumnos en común acordo con departamentos, titores e xefe de estudos. En definitiva, trátase de quebra-lo illamento que teñen os escolares nos seus círculos de amizade, que en ocasións son excesivamente reducidos. En tal sentido entenderase un desexable incremento da relación da escola e o seu contorno, para que a escola non quede illada das realidades cívicas en que se inscribe.

## **II.1.2. O Proxecto Educativo de Centro**

**II.1.2.1.** A convivencia é obxectivo formativo en si mesmo e non se entenderá soamente no sentido de que sexa un simple medio con vistas ó aproveitamento e progreso nos demais niveis de formación e instrucción. Como tal tratarase no Proxecto Educativo de Centro, no que se farán explícitos os trazos e características do modelo de convivencia, de relacións e de traballo que se aplica no centro educativo, tanto no relativo á convivencia interna dentro de cada sector (profesorado, equipo directivo, persoal non docente, alumnado e familias), como dos diferentes sectores entre si.

**II.1.2.2.** Aínda que haxa unha boa xestión global da convivencia, os problemas aparecerán, porque son propios de calquera sistema de relacións humanas, pero a prevención contribúe a reducilos. Abordalos e resolvelos con serenidade, con razoamento, con implicación cooperante dos afectados, conduce á súa transformación en oportunidades para madurar e medrar.

Con vistas a iso, o PEC debe fomenta-la adquisición de capacidades e habilidades sociais, un clima de relacións positivo e as estratexias necesarias para tratarlos conflitos cando se enxerga o seu inicio, mediante sesións de titoría e dinámica grupal. Deberán dispoñerse tempos escolares abertos ó diálogo, á expresión, á comunicación e ó debate, con estruturas de clase máis flexibles.

**II.1.2.3.** Así mesmo, o PEC debe ter en conta cuestións referidas á disciplina, á orde, ó silencio, ó respecto á norma e aínda ós hábitos de limpeza e coidado de materiais, porque a súa condición de medios os fai imprescindibles para unha convivencia en que se garantan os dereitos de todos e o benestar colectivo. Por iso



[17]



mesmo, estes obxectivos formativos e aspectos da convivencia non deberan estar hoxe tan faltos de estima.

Algo parecido habería que dicir en relación co uso respectuoso da linguaxe e as normas de corrección no trato.

**II.1.2.4.** Estes proxectos educativos de centro deberían programa-los temas transversais, atendendo ó contorno do centro, ó medio sociocultural e á transcendencia das necesidades educativas, facendo do espacio escolar un espacio para o diálogo social, e non quedarse, como ocorre frecuentemente, nunha exposición meramente formal, senón nunha eficaz defensa e actuación no campo dos valores.

**II.1.2.5.** A nosa sociedade en xeral, e os centros educativos de forma máis concreta, están adquirindo cada vez unha maior diversidade cultural. Os proxectos educativos, os proxectos curriculares de centro e as programacións de aula serán elaborados desde unha perspectiva multicultural, prestando especial atención ás diversas realidades culturais coas que deben convivir diariamente. Desta forma estaremos contribuíndo desde o sistema educativo a que os estudantes valoren a diversidade cultural e aprendan a convivir nela.

### **II.1.3. O currículo e a transversalidade**

**II.1.3.1.** Débese poñer-lo acento educativo no “ aprender a ser”, en forma-la persoa, e hase prioriza-lo papel das actitudes, os valores e as normas como orientadores do currículo. Hase traballar cos alumnos o desenvolvemento da intelixencia emocional, das habilidades cognitivas, do razoamento moral e das habilidades sociais. Todo iso, dispensando un trato individualizado ó alumno para que poida ser atendido sexa cal sexa o seu nivel de aprendizaxe.

**II.1.3.2.** Os contidos do currículo serán significativos para o alumnado e deberán atender-las súas necesidades e intereses, propiciando un ensino máis vital e vivencial, máxime na etapa obrigatoria.

Así mesmo, debería establecerse que os contidos que se imparten na ESO e, en xeral, na educación obrigatoria, cun forte compoñente disciplinar, respondan ás necesidades de formación da xuventude, sobre todo, de cara á súa participación como membros activos dunha sociedade democrática e complexa como a actual, ó inicio do século XXI. En todo caso, se falamos de educar en e para a convivencia, as habilidades de comunicación para participar, debater e discutir convértense nas principais ferramentas que temos que fomentar.

**II.1.3.3.** Debe potenciarse decididamente a “educación dos valores nos que se fundamenta a convivencia”, para o que cumprirá adoptar medidas concretas a múltiples niveis, desde unha acentuación dos obxectivos actitudinais en tódalas programacións (co seu correlato lóxico nas avaliacións, sobre todo nos primeiros cur-



[18]

sos), ata nas disposicións normativas dos currículos.

**II.1.3.4.** O carácter transversal da educación en valores esixe un especial coitado de previsión e unha coordinación entre os profesores que pasan pola aula ou a etapa para que todos incorporen neses ámbitos as relacións baseadas no respecto ás persoas, así coma os dereitos humanos de liberdade, xustiza, tolerancia activa, non discriminación por razón de sexo, etnia, relixión, lingua ou interculturalismo, a solidariedade, especialmente cos máis débiles,... Non só como obxectivo de coñecemento teórico, senón tamén como aprendizaxe de actitudes e de comportamentos tolerantes e solidarios.

**II.1.3.5.** É preciso facer efectiva a flexibilización do currículo. Para moitos dos alumnos, e en especial para moitos dos que teñen máis dificultades no seu itinerario escolar, o gran problema para resolver é o que se refire ás esixencias curriculares. A conversión de parte da ensinanza secundaria en obrigatoria está sendo unha enorme fonte de frustracións e problemas para todos aqueles alumnos que non están en condicións de afrontar con éxito as esixencias crecentes dos programas académicos.

Os centros escolares e os profesores non sempre dispoñen de experiencia neste tipo de oferta complementaria, e a Administración non sempre arbitra os medios precisos para levar a cabo unha actuación curricular que enfrente a diversidade dos alumnos con certas garantías de éxito; tal efectividade debe conseguirse na medida en que haxa unha achega suficiente de medios e recursos e o debido compromiso profesional dos equipos docentes. Parece evidente que, mentres non se resolva esta cuestión da flexibilidade curricular, estaremos ante problemas de convivencia de difícil solución con simples medidas disciplinares.



[19]

#### **II.1.4. As normativas de réxime interno**

**II.1.4.1.** A convivir apréndese convivindo e, polo tanto, nos centros escolares ten especial transcendencia todo o que regula a convivencia: os dereitos e deberes dos seus compoñentes, as normas de convivencia, os sistemas de resolución de conflitos, os mecanismos de participación na toma de decisións, o reparto de poderes e responsabilidades, as posibilidades de asociación, o funcionamento dos órganos colexiados, os criterios de distribución e utilización de tempos e espazos,... Non debe esquecerse en ningún caso que a experiencia confirma que, á medida que aumenta a participación do alumnado, diminúe a conflictividade.

**II.1.4.2.** Faise necesario que a normativa de convivencia nos centros se elabore e se reelabore de forma constante, non só pola necesidade da súa continua actualización, senón tamén para poder ofertar así ó alumnado a posibilidade de participar no seu establecemento.

Mal se podería pretender un elevado nivel de identificación dos alumnos coa normativa se a atopan xa feita e promulgada e non houbo practicamente participación na súa elaboración e no seu establecemento. A participación significativa na elaboración da norma leva emparellada a identificación con ela e un pacto implícito en favor do seu acatamento.

**II.1.4.3.** As mesmas normas do regulamento de réxime interior poden, en ocasións, ser causantes de conflitos. En efecto, unha disciplina férrea, afastada da realidade vital do alumnado, non axudará a crear un bo clima no centro. Tampouco axudan a un bo clima convivencial as actitudes exclusivamente permisivas e comprensivas. Dende as actitudes de autoridade e ó mesmo tempo de comprensión, é dicir, facendo combinación de autoridade e afecto, os nenos e nenas aprenden a descubri-los lindes e as relacións cos demais desde o respecto e a igualdade.

Por todo isto débese empregar con maior frecuencia e rigor as canles de participación existentes (comisións de convivencia, xunta de delegados, asembleas de aula,...) e supera-lo recurso ós RRI (Regulamento Réxime Interno) principalmente como catálogo de faltas e sancións, cos correspondentes procesos de instrución de expedientes sancionadores. Así pois, a construción dos RRI será obxectivo que esixe a participación e recoñecemento de toda a comunidade educativa atendendo ó seu contorno e necesidades específicas.

**II.1.4.4.** O Regulamento de Réxime Interno do centro debe contemplarse non só como un código de sancións, senón como a concreción dos principios e obxectivos do centro docente, que ofrezca un servizo escolar para a formación dun modelo de persoa libre que asimilou a súa propia escala de valores, e que a proxecta, mediante o exercicio da solidariedade e o respecto ós demais, ás instalacións do centro e ós bens colectivos sociais, culturais e medioambientais. Debemos avalialo periodicamente, para coñece-los seus resultados.

## II.1.5. A aula

**II.1.5.1.** A consolidación dunha comunidade democrática de aprendizaxe ten un primeiro referente, que é a aula, porque é nela onde, á fin de contas, a interacción entre alumnado e profesorado definirán o ambiente social que se manifieste neste importante recinto escolar. Neste sentido teranse en conta os seguintes referentes e valores educativos: a organización social da aula desde a perspectiva da participación e non da pasividade do alumnado; o traballo deste, sexa individual ou grupal; o emprego de estratexias metodolóxicas que fomenten a motivación; e a relación profesor/alumno baseada na afectividade e comunicación e non no autoritarismo, tendo presente que o clima da aula condiciona o clima do centro.

**II.1.5.2.** A falta de motivación nun sector do alumnado con respecto ós obxectivos formativos do sistema escolar aparece como determinante de situacións



[20]

conflictivas. Aínda que o problema transcende as posibilidades de acción da escola e depende tamén de múltiples factores familiares, sociais e políticos, o sistema escolar, operando sobre todo no interior da aula, e a través dos resortes do trato persoal e dunha diversificada acción didáctica, pode conseguir moito neste campo. O que sinalamos esixe unha redución da ratio que facilite a mellor atención ás necesidades do alumnado, así como un incremento dos cadros de persoal dos centros que posibilite a autonomía na organización dos agrupamentos.

**II.1.5.3.** Os alumnos aprenden, en grande medida, gracias ás interrelacións entre eles. É básica a dinámica do grupo clase para a aprendizaxe de tódolos seus membros. O papel do profesorado non é, pois, suficiente. Un grupo que non fora diverso frearía o avance dos seus integrantes; de aí a importancia do grupo clase e as relacións que se establecen entre os seus compoñentes.

A convivencia ten que fundamentarse na aceptación da diversidade; esta é a que fai que a convivencia sexa posible, rica, interesante e proveitosa para todos. Desde os centros hase promover unha boa aprendizaxe convivencial, para que no ámbito social os alumnos, futuros adultos, se comporten correctamente e aproveiten as grandes posibilidades da diversidade humana.

A escola evitará que as diferencias se convirtan en desigualdades. As tendencias actuais tendentes a favorecer agrupacións segregadoras, a agrupalos alumnos en función do suposto nivel académico, non axudan á necesaria diversidade, o que dificulta a convivencia. As agrupacións homoxéneas non favorecerán a convivencia, o compañeirismo, a colaboración, a solidariedade, e si a competitividade.

A escola terá que ser un instrumento imprescindible para evitar un dos grandes perigos do presente e do futuro: a exclusión social.

**II.1.5.4.** A obrigatoriedade, xunto con outros aspectos relacionados con ela, comportan nestes momentos unha realidade incuestionable: a presenza nas aulas de ESO dalgún sector do alumnado que, ás veces, non encaixa coas actuais propostas educativas dos centros.

Ante esta nova realidade non serve o razoamento de que aquel alumno ou alumna que non se adapte ou se integre se vaia, postura que nos levaría a unha escola selectiva e excluínte. Tampouco son doadas nin viables as solucións que inciden unicamente no profesorado.

Unha opción coherente estaría na aposta por introducir na acción educativa o máximo de elementos que faciliten ou favorezan o cambio (e, polo tanto, a adaptación e a integración) no alumnado, considerando que algúns ámbitos da institución escolar, especialmente o curricular e o organizativo, poden sufrir variacións encamiñadas a esta finalidade.



## II.1.6. A comisión de convivencia

**II.1.6.1.** Recoméndase que en tódolos centros educativos se constitúan comisións de convivencia co propósito de promover a convivencia nos centros. Nas ditas comisións deberán estar presentes tódolos sectores implicados na vida do centro.

Ademais de velar, con vistas á convivencia, polo correcto exercicio dos dereitos e deberes de tódolos membros que compoñen a comunidade educativa, terían que levar a cabo tamén dunha forma prioritaria un labor preventivo coa finalidade de evitar feitos e actitudes contrarios á convivencia no centro. O dito labor preventivo pódese concretar en aspectos tales como: revisión anual do RRI, plan de acción tutorial sobre a convivencia con supostos prácticos, colaboración familiar, control de asistencia, atención á diversidade, etc.

A comisión de convivencia debería dispoñer duns mecanismos rápidos e coherentes de mediación para adoptar alternativas educativas sen necesidade de acudir a expedientes disciplinarios.

**II.1.6.2.** Proponse que se organicen cursos específicos de formación (competencia social, mediación, etc.) para os pais e as nais, especialmente os que formen parte da comisión de convivencia do centro, e que na formación inicial e permanente dos mestres e profesores se faciliten recursos e estratexias para tratar os problemas de convivencia.

**II.1.6.3.** En cada localidade hai que facer programas integrais e multidisciplinares nos que participe toda a comunidade educativa, entendida en sentido amplo: centros educativos, Concellería de Educación, Concellería de Benestar Social, familias, policía local, inspección educativa e outras entidades.

## II.2. En relación cos órganos colexiados de goberno

### II.2.1. O Consello Escolar

**II.2.1.1.** É preciso dota-los equipos directivos e ós consellos escolares de autonomía e capacidade suficiente para impulsar e concreta-la convivencia tratando de evitar acudir a procesos administrativos complexos.

**II.2.1.2.** Dentro do marco de autonomía de funcionamento que as leis confiren ós centros educativos, deberase adecua-la súa organización, para dar resposta ás dificultades que puxeran en perigo a convivencia, nos termos seguintes:



[22]

Facilitar ós centros maior autonomía organizativa e curricular, apoiándose, desde a Administración educativa, aquelas iniciativas e proxectos que, xerados desde a comunidade educativa, están orientados a unha mellora da convivencia escolar.

Prestar atención a outros aspectos organizativos do centro (horarios, vixilancias nas horas de estudio e recreo,...) xa que as conductas contrarias á convivencia raramente se producen en horas de clase e dentro das aulas.

**II.2.1.3.** Os consellos escolares deberán realizar un diagnóstico sobre a situación da convivencia no seu propio centro escolar e sobre os seus puntos fortes e puntos de conflito e tensión, como parte esencial e previa para a adopción de accións específicas ó respecto.

A Administración educativa deberá prepara-los materiais oportunos e formar ós equipos directivos e Departamentos de Orientación nas mencionadas técnicas de diagnóstico.

**II.2.1.4.** O Consello Escolar ten responsabilidade sobre tódolos procesos organizativos do centro que inciden na convivencia e no bo ambiente.

## **II.2.2. O claustro**

**II.2.2.1.** Na mellora das relacións existentes nos centros, o claustro de profesores adquire un papel de especial transcendencia, dado o seu profundo coñecemento dos resortes da institución escolar. Os plans específicos de convivencia que deban ser implantados nos centros terán que estar necesariamente influídos polas consideracións que ó respecto presenten os membros deste órgano.

**II.2.2.2.** É moi importante a coordinación de todo o claustro ou, como mínimo, do equipo docente de nivel para actuar cos mesmos criterios, sobre todo no que se refire á coordinación curricular e ó seguimento do alumnado.

É imprescindible que o equipo docente, que en conxunto é o que realiza a función titorial, poña en común o coñecemento e información dos acontecementos de cada aula, coordine os contidos, as metodoloxías e a xestión da aula e axuste os criterios xerais de avaliación, promoción e certificación.

Para posibilita-lo anterior é necesario en tódolos centros, especialmente nos de secundaria:

- a.- Facer posible a existencia de equipos docentes que actúen sobre un número reducido de grupos de alumnos, e que o fagan con continuidade.



- b.- Dispor de tempos no horario dos profesores para que poida realizarse a reflexión e a coordinación en profundidade dentro destes equipos.

### **II.3. En relación coa dirección**

**II.3.1.** É importante o papel que pode xogar a dirección dos centros neste tema, como líder que fomenta o diálogo e a convivencia entre os pais e tódolos sectores educativos.

**II.3.2.** Outra das medidas importantes en relación coa convivencia é levar a cabo estratexias concretas de formación dos directores dos centros escolares, con cursos específicos de formación en que se introduzan exemplos prácticos de actuación en casos problemáticos de conflitos entre alumnos, situacións sociais ou laborais complicadas, etc. Iso permítelles ir captando qué tipo de actuacións é máis pertinente para afrontar os problemas e para organiza-la escola dunha maneira operativa.

**II.3.3.** O equipo directivo asume o compromiso de estimular e garanti-las actitudes que promovan a convivencia, evitando así outras actitudes de inhibición que se producen ás veces entre o profesorado. Neste punto adquire suma importancia o papel de liderado que ten o equipo directivo para dinamiza-los alumnos e as familias.

### **II.4. En relación con toda a comunidade escolar**

**II.4.1.** A convivencia é un factor de calidade que debe construírse de modo intencional e sistemático mediante as actuacións de tódolos membros da comunidade educativa. Ensinar a convivir é un obxectivo esixible á institución escolar en tódalas súas etapas. É preciso, polo tanto, que tódolos axentes da comunidade educativa, entre eles tódolos profesores, non só os titores ou os orientadores, se sintan corresponsables desta tarefa.

Obsérvase que cando un colectivo de docentes, pais e nais, alumnos,... se propoñen a realización dalgunha acción neste tema da convivencia, se produce de forma espontánea unha mellora, aínda sen comeza-la actuación concreta; polo tanto, aconséllase realizar esforzos na planificación de actividades neste ámbito, aínda que os seus propósitos non sexan demasiado esixentes nin ambiciosos.

**II.4.2.** As enquisas revelan que tódolos sectores da comunidade escolar aprecian como altamente positivo o emprego do diálogo como medio para resolve-las situacións conflictivas. Estímase positivo o seu tratamento directo e detallado coas persoas implicada (profesores, estudantes e tamén familias), e que soamente en casos excepcionais pase o asunto ó consello escolar ou á comisión de disciplina.



[24]

**II.4.3.** É preciso desenvolver un amplo plan de formación dirixido ó profesorado, familias, alumnado e persoal non docente, que teña como obxectivo destaca-la importancia de ter establecido un modelo de relacións ou de convivencia en cada centro educativo, que sexa consagrado por tódalas partes, respectado por todos e baseado na idea de que “ sen normas non podemos funcionar”. O traballo en grupo debe pasar do campo teórico ó práctico. Non se pode esquecer tampouco que favorece-la participación é favorece-la convivencia. Así mesmo, o coñecemento mutuo e o intercambio de experiencias entre os centros facilitaría as relacións entre a comunidade escolar.

## **II.5. En relación co profesorado**

### **II.5.1. O profesorado en xeral**

#### **II.5.1.1. Preparación específica**

**II.5.1.1.1.** Faise necesario introducir na formación inicial e permanente do profesorado os aspectos referidos ó complexo mundo de relacións interpersoais nos centros: técnicas de motivación, habilidades sociais, resolución de conflitos e estratexias para fomenta-la participación,... Así pois, o futuro do factor convivencial nos centros educativos débense caracterizar por unha preparación específica do profesorado tanto nos aspectos teóricos como nos prácticos para atender situacións relacionadas coa convivencia e a conflictividade.

É necesario, tamén, unha formación graduada que vaia dende a formación inicial, os cursos ofrecidos dende os servicios da Administración ou os centros de profesores, á formación nos propios centros e nas distintas zonas.

**II.5.1.1.2.** Aquelas Administracións educativas que non o fixeran xa deben desenvolver de forma inmediata o previsto no artigo 24.2 da LOXSE e o seu desenvolvemento no Real Decreto 1692/1995, do 20 de outubro ( BOE do 19 do 11 de 1995) en relación co Curso de Cualificación Pedagóxica para o profesorado de educación secundaria, mediante convenio coas universidades ou por iniciativa propia.

Durante os procesos de formación fomentárase nos profesores unha actitude de implicación na súa tarefa docente que os conduza a :

- Avalia-lo fracaso escolar como un factor importante de desmotivación, que xera sentimentos de exclusión e actitudes reactivas de agresividade nos alumnos.
- Establecer nas aulas estratexias metodolóxicas que promovan a cooperación entre os alumnos, mediante a constitución de equipos heteroxéneos de tra-





ballo na aula, como forma de atende-la diversidade e mellorar, así, a convivencia.

- Reflexionar sobre a relación entre as decisións curriculares que se deberan tomar na práctica docente e a motivación e implicación do alumnado.

**II.5.1.1.3.** Dentro das tarefas de preparación do profesorado procurárase a titorización dos que se inician no exercicio da docencia, dándolles a coñece-las normas de convivencia, dispoñéndoos para as posibles situacións problemáticas e ofrecéndolles ocasión para que eles aporten tamén as súas opinións e experiencias.

**II.1.1.4.** É preciso supera-los estereotipos vixentes en relación co profesorado de primaria e de secundaria, algo que pode dificulta-la relación entre eles, sobre todo na ESO, onde ámbolos grupos de profesores deben traballar xuntos. Neste sentido, as diferencias na súa formación e experiencia non deberán actuar como un factor de desagregación e incomunicación senón como unha posibilidade de compaxiación mutua. Cada un dos grupos pode aportar ó conxunto unha experiencia diversa pero que constitúe unha dimensión necesaria para levar a cabo a función educativa na ESO. Neste sentido, sería desexable unha mellora efectiva na formación inicial do profesorado de infantil, de primaria e de secundaria.

## **II.5.1.2. Valoración social**

**II.5.1.2.1.** O liderato do profesorado posúe un papel primordial á hora de contemplar plans de actuación concretos no ámbito da convivencia. Este liderato debe estar baseado, entre outros factores, nun prestixio persoal gañado ante o alumnado, recoñecido por este e sustentado en posicionamentos de razón e coherencia mantidos polos docentes. Así mesmo, é fundamental traballar polo recoñecemento e a dignificación social da función docente, o que repercutirá na autoestima do profesorado e nunha maior motivación para o exercicio das súas funcións.

**II.5.1.2.2.** Aínda que a convivencia non estea necesariamente vinculada a unha igualación ou homoxeneización de situacións ou de categorías profesionais, parece claro que as situacións de dúbida respecto do futuro laboral, as de provisionalidade no destino ou de inseguridade profesional, que afectan a un amplo sector do profesorado, non favorecen en nada o clima de positiva convivencia e cooperación.

Sempre sen prexuízo dos principios de competencia, mérito e publicidade, as Administracións educativas deben facer un decisivo esforzo por ofrecer a tódolos profesores posibilidade de adquiriren estabilidade e promoción laborais.

## **II.5.2. A acción titorial**

**II.5.2.1.** Destácase a importancia do exercicio da titoría individual e de grupo, dentro da función docente, dirixida a todos e cada un dos alumnos e, principalmen-



[26]

te, para atenderlo alumnado que require medidas de atención especial. É preciso que o centro estableza criterios de adxudicación de titorías tendo en conta as necesidades deste alumnado. Para mellorar esta atención titorial recoméndase que se organicen cursos de formación que faciliten estratexias para levar a cabo este labor.

**II.5.2.2.** Potencia-lo papel da titoría en tres aspectos: en primeiro lugar, conferindo maior relevo ó seu “papel mediador”; en segundo lugar, outorgándolle ó titor unha certa capacidade executiva en relación coas situacións que afectan á convivencia; e por último, posibilitando unha maior dedicación horaria á función titorial. O titor como “mediador de conflitos” debe intervir na solución educativa dos problemas de convivencia mediante a análise da situación entre as partes, antes de acudir á estricta aplicación do réxime disciplinario. Non sempre é útil acudir directamente ó director ou xefe de estudos.

**II.5.2.3.** Vese a necesidade de poñer maior coordinación no ámbito de acción titorial:

- Entre os titores do mesmo ciclo e de ciclos diferentes.
- Entre orientadores e titores (faise mención á importancia de manter unha reunión semanal entre orientador e titores para analiza-la situación e planificar accións conxuntas).

A formación de equipos docentes que compartan o Proxecto Educativo do Centro facilitará e fomentará a coordinación da acción titorial, homoxeneizando tratamentos e iniciativas tendentes a favorecer-la convivencia e potenciando a súa eficacia.

No labor de avaliación, o equipo de profesores dun grupo fará o seguimento da adquisición de hábitos sociais, de interiorización de normas, de habilidades de comunicación e de cooperación; pero tamén, dos avances da convivencia no grupo, da contribución de cada alumno a este, dos problemas que xurdiron e do xeito como se resolveron.

**II.5.2.4.** A titoría debe realizarse nun horario adecuado que facilite a tarefa e o interese. Propoñemos que, para evita-lo desinterese e o cansazo, a titoría non se sitúe nin á primeira nin á última hora da xornada escolar.

Durante as sesións de titoría deberanse desenvolver actividades sobre mecanismos e estratexias de resolución de conflitos, con casos e exemplos prácticos.

É conveniente contemplar tempos para que os alumnos poidan falar entre eles, analizar temas e propoñer actuacións.

Tamén deben realizarse actividades de educación emocional, como identificación de emocións e estratexias para a súa xestión, desenvolvemento do autoconñe-



cemento, identificación dos síntomas de fatiga e a súa incidencia, educación das habilidades sociais, desenvolvemento de habilidades para a convivencia, etc.

Debe enriquecerse a acción tutorial na dimensión da atención ás familias dos alumnos. Isto esixe a previsión de tempos suficientes e adecuados que faciliten a asistencia de pais e nais, así como a realización de reunións periódicas con estes para garanti-lo coñecemento do alumnado e intercambiar información entre a familia e os educadores sobre o seu proceso educativo.

**II.5.2.5.** Resulta tamén moi importante o enriquecemento da acción tutorial en relación coa atención ás familias dos alumnos. Isto esixe, ademais doutros requisitos, a previsión de tempos suficientes e axeitados para que esta relación coas familias sexa efectivamente posible, así como a convocatoria periódica de reunións do titor co conxunto das familias do alumnado.

**II.5.2.6.** Dada a enorme importancia da acción tutorial, en relación co tema da convivencia e con outros moitos, esta función deberá ser incentivada nos termos que oportunamente fixe cada comunidade autónoma. Trátase de esixir máis da titoría e, polo tanto, compensala.

### **II.5.3. Os orientadores**

**II.5.3.1.** Sería de gran importancia que os orientadores, de acordo co profesorado, asumisen como unha parte normal das súas tarefas facer sesións de traballo coas familias sobre os temas que afectan á convivencia. Estas reunións non deberían ser só individuais (nas que o tema habitual sexa o fillo), senón tamén colectivas (nas que os temas sexan máis variables e se estendan a cuestións relacionadas coa problemática xeral da convivencia e as relacións entre sectores dentro do centro, así como a temas de saúde, perspectivas de futuro para os nenos, etc.

**II.5.3.2.** No que se refire á dotación de cadros de persoal en centros con inmigrantes ou con colectivos en desvantaxe social, o departamento ou o equipo de orientación terán a dotación axeitada ás necesidades específicas de compensación educativa dese centro, incluíndo o apoio dos servizos técnicos especializados en prevención e recuperación de condutas antisociais.

Debería xeneralizarse á Educación Infantil e á Primaria a figura do orientador, así como aumenta-lo número de orientadores xunto a profesores de apoio na ESO.

### **II.5.4. O traballador social e o educador social. A mediación**

**II.4.4.1.** É necesario incorporar novos profesionais ó elenco de persoas que traballan na escola ou en conexión coas escolas. A violencia, en efecto, non é un problema escolar, senón que xorde como consecuencia de moitos factores, algúns deles alleos á escola (as familias, os grupos de amigos, o propio clima que se res-



pira no medio social, etc.) É preciso, por isto, integra-la actuación formadora dos profesores nun marco máis global en que se trate de abordar non só a educación dos suxeitos senón a súa adaptación social máis xeral. Para isto será precisa a presenza de traballadores sociais e/ou educadores sociais que prolonguen a atención ata as familias e o medio ambiente, e de persoal sanitario (de enfermería ou medicina) que atenda problemas relacionados coa saúde. Ás veces (en situacións máis complicadas) pode ser conveniente traballar en estreita colaboración coa policía local e coas autoridades locais en xeral. Está dando bo resultado en países do noso contorno a presenza de rapaces nos colexios para exercer, desde unha posición máis próxima e horizontal cos alumnos, un certo tipo de apoio e supervisión nas situacións conflictivas.

Os profesionais de quen falamos poderían asumir, entre outras funcións, a de mediador, capaz de actuar á marxe de presións específicas dos sectores implicados nos conflitos, con intervención así mesmo nos factores externos ó centro que afectan á convivencia.

Entre as súas funcións tamén podería estar a de organizar actividades extraescolares e de ocio para o alumnado que requira unha atención específica, xa que a miúdo vive situacións familiares problemáticas.

**II.3.4.2.** Haberá que crear ou desenvolver, cando a presenza e características do alumnado inmigrante o requira, a figura do mediador intercultural de distrito, barrio ou concello, para facilita-la comunicación entre as familias e o centro educativo.

## **II.6. En relación coas familias**

**II.6.1.** É preciso tratar de implicar e potenciar máis a participación de pais e nais de forma organizada na elaboración dos regulamentos normativos e na resolución satisfactoria de situacións conflictivas. A unhas familias plenamente implicadas nas tarefas de planificación e goberno dos centros faríaselles normal unha maior operatividade na resolución de situacións conflictivas e, en xeral, nas situacións de orde interna e convivencia.

Cando se produza a incorporación de novo alumnado, debe ser informado da normativa de convivencia vixente no centro, de cara a fomenta-lo mutuo coñecemento e aceptación de normas de convivencia compartidas e/ou pactadas no centro escolar e no ámbito familiar.

**II.6.2.** A participación das familias e as súas organizacións na escola e, de maneira especial, naqueles casos en que exista escola de pais, contribúe a crear un mellor clima de entendemento, polo que deberán de estimularse accións neste sentido e crear espazos onde poida reflexionarse sobre normas de convivencia, valor da escola, etc. Bo sería tamén a formación conxunta de pais e profesores cun faci-



litador externo en temas como teoría dos valores e da pedagogía do valor, a crise da sociedade actual, a necesidade de incorpora-la familia á vida dos centros, o contexto socio-familiar como xerador de conflitos, os valores do contorno. En todo caso, deberíase abri-lo centro ás familias, ofrecendo as súas instalacións para a participación das familias en reunións, cursos de formación, e actividades de todo tipo.

Sería conveniente potencia-la escola de pais así, como campañas de concienciación, incidindo na importancia de estrutura-la gran cantidade de información confusa que pode chegar ós adolescentes (internet, TV, carteis, etc).

**II.6.3.** A integración dos pais e nais na vida do centro é de vital importancia; pero para que isto suceda é necesario establecer unha serie de estratexias como realizar asembleas de aula con cada titor, establecer horarios de reunión adecuadas ós pais, buscar espazos de reflexión e debate, postas en común e actuacións concretas, formar comisións mixtas para realizar distintas funcións, regulamentos, e programación xeral anual, poñer en práctica medios de intercomunicación de pais e titores, etc.

## **II.7. En relación co alumnado**

**II.7.1.** Para lograr unha convivencia solidamente asentada nos centros docentes faise necesario considera-lo alumno como o centro do proceso educativo, tendo presente que tódolos alumnos son diferentes e únicos. Calquera medida encamiñada á mellora das relacións interpersoais no ámbito educativo debe estar presidida por esta consideración, sen a que as medidas que se adopten nunca poderán chegar a alcanza-los seus obxectivos. A compoñente de confianza nas potencialidades do alumnado representa un poderoso elemento para favorece-la harmonía nas relacións existentes nos centros educativos.

**II.7.2.** Non pode haber conformidade, nin moito menos aceptación e implicación positiva do alumnado na dinámica escolar, se esta é vivida por aquel exclusivamente como imposición.

É preciso amplia-lo papel e protagonismo do alumnado para que, a través das normas de convivencia do centro, se asuman as responsabilidades adecuadas á súa idade e capacidade. O centro debe ser un lugar onde se aprenda e se exercite un tipo de convivencia que dispoña para vivir en tódolos contextos.

Acontece, en parecido sentido, que o dereito de reclamación é un dereito cidadán e é, polo tanto, altamente conveniente que o alumnado se acostume a exercitalo debidamente. Este exercicio, no ámbito da escola, debe ir máis aló do episodio escolar da cualificación ou do exame.

**II.7.3.** Os alumnos con problemas, na maioría dos casos, necesitan aprender habilidades sociais moi concretas, que lles reporten éxitos puntuais. Serán estas



[30]

experiencias as que configuren a súa mentalidade e os seus valores, non os discursos moralizantes nin conmiserativos.

**II.7.4.** É necesario organizar clases de lingua castelá e, en cada caso, das demais linguas oficiais de España, cando os centros escolaricen alumnado que as descoñeza, respectando, ó mesmo tempo, o principio de normalización.

Esta dificultade supón para estes alumnos unha barreira que lles impide progresar na súa escolarización e acaban por caer na marxinación –e a súa conseguin- te incidencia na conflictividade escolar- que se quere evitar ténndoos simplemente escolarizados.

A incorporación de alumnos e alumnas ó centro debe ir acompañada da detección do seu nivel e posibles dificultades de aprendizaxe, así coma o deseño dun período de transición, cos apoios necesarios para a súa mellor adecuación e seguimento do Proxecto Educativo de Centro.

**II.7.5.** Xa nos centros de infantil e primaria pode haber asembleas de aula mensuais (utilización de “critico, felicito, propoño”), con elección e asunción demo- crática de responsabilidades e acordos por escrito, incidindo nos valores de solida- riedade, tolerancia, respecto mutuo, normas de convivencia e cumprimento polo grupo e individualmente.

Desde a Administración e toda a comunidade educativa debe potenciarse as asociacións xuvenís en xeral, e de estudantes en particular, para mellora-la partici- pación do alumnado de forma organizada no centro, e potenciar unha cultura de par- ticipación.

**II.7.6.** Deberíase prestar unha atención especial ás condutas dos alumnos respecto á limpeza e ó coidado do mobiliario e material escolar, con maior respecto ó traballo do PAS (Persoal da Administración e Servicios). Erroneamente, adoita dár- selle escasa importancia a comportamentos pouco cívicos que se consideran como faltas “menores” (tirar papeis ó chan, pintar nas mesas,...). Ademais doutras signi- ficacións, tales comportamentos representan unha falta de respecto ó traballo do persoal da limpeza ou doutras categorías do persoal laboral. A falta de consideración cara a estes membros da comunidade educativa é un dos comportamentos que cómpre erradicar e que aquí vimos comentando.

Que o alumnado dispoña de material en común sobre todo nos niveis de infantil e primaria pode contribuír á consecución de diversos obxectivos: en primei- ro lugar, crear actitudes e hábitos de solidariedade e valoración dos bens comúns; en segundo lugar, facilita-lo acceso de todo o alumnado ó material escolar. Por últi- mo, prepara ó alumnado para un consumo responsable.

**II.7.7.** Hai que impulsa-la participación do alumnado na vida xeral do centro e o protagonismo no seu propio proceso educativo, corresponsabilizándose gradual-



mente das súas opcións e resultados. Para isto precísanse normas diferentes que os apoiem (máis claras e operativas): maior autonomía organizativa para os centros, axustar en moitos casos os roles profesionais do profesorado, e acentuar, tanto como sexa posible, as medidas preventivas, así como as correctoras, sen descartar, se fora o caso, as sancionadoras precisas.

**II.7.8.** Están aparecendo sectores cada vez máis nutridos de escolares que, máis aló incluso das idades normais de escolarización obrigatoria, asisten ó centro amparados polas normativas vixentes, pero en actitude de total desmotivación e desinterese. Os centros son considerados unha institución hostil por parecerlles contrarios ó que son neses momentos os intereses deses alumnos.

Este tipo de problemas só poderá ser afrontado dende condicións infraestructurais e organizativas adecuadas: instalacións, ratios que fagan posible o trato persoal, profesorado de apoio, adaptacións curriculares, recuperacións efectivas e mellora das intervencións educativas.

Tendo en conta o precepto constitucional do dereito á educación, non poden quedar eximidos del os alumnos desmarcados ou con problemas de integración, polo que haberá que deseñar plans de formación para a atención específica destes alumnos.

A xunta de avaliación, respectando os criterios de promoción acordados no PCC, deberá ter autonomía para aplicar eses criterios.

Cando existan alumnos repetidores, deben ofrecerse sistematicamente medidas de recuperación e apoio ó alumnado.

É necesario potencia-la estrutura de ciclo: non son as repeticións, senón as medidas de apoio, as que permiten progresar ó alumnado do ciclo.

**II.7.9.** A presenza de alumnos que proceden de grupos sociais, culturais ou relixiosos diferentes non encontra a escola, con frecuencia, preparada. Nestes casos é frecuente que os alumnos do grupo minoritario acaben constituíndo guetos e grupos pechados con escasa relación co grupo maioritario. Tamén neste caso as causas do illamento son atribuíbles a ámbolos grupos.

A simple presenza, sempre escasa, dalgún profesor de apoio resulta insuficiente, e habería que dota-las escolas de maiores recursos, así como facilitar iniciativas novidasas para poder afrontar máis radicalmente esta problemática.

Sería interesante establecer, entre outras, medidas como as seguintes:

O agrupamento heteroxéneo apoiado por programas de diversificación curricular que se realicen de forma flexible mentres persistan as necesidades que os xustifiquen.



[32]

Incrementa-lo número de materias optativas que respondan ós intereses pluraes do alumnado e ofrezan distintos niveis de complexidade.

**II.7.10.** En ningún caso se deberán concentrar proporcións excesivas de alumnos con problemas de adaptación e con necesidades educativas específicas en determinados centros, xa que isto podería supoñer un grave obstáculo para levar a cabo unha convivencia fluída neles. A liberdade de elección de centro, recoñecida ós afectados, debe facerse compatible co dereito de todos á educación, o que podería verse afectado seriamente coa existencia de proporcións excesivas de alumnado conflictivo en determinados centros.

**II.7.11.** Dentro do debido respecto ós dereitos das familias e á súa liberdade, a asignación de centro e matriculación de alumnos inmigrantes ou en calquera outra situación de desvantaxe social debería levarse a cabo de forma centralizada, con criterios de distribución equitativa cando nun mesmo barrio ou localidade haxa varios centros sostidos con fondos públicos.

É necesario que tódolos centros, tanto públicos como privados concertados, cumpran a lexislación vixente e reciban a porcentaxe de poboación desfavorecida que lles corresponda.

**II.7.12.** O seguimento da escolarización do alumnado nos centros é fundamental para evitar medidas como a expulsión de alumnos por motivos de rendemento académico ou por problemas de conducta. Para isto, deberían adoptarse medidas administrativas con aqueles centros que procedan a excluír alumnos inadecuadamente.

O papel da Inspección Educativa no seguimento destas cuestións é fundamental

**II.7.13.** A mellora do clima nos centros educativos en ningún caso deberá estar sustentada na segregación do alumnado en aulas específicas en atención á especial conflictividade que estes presenten, xa que isto podería ocasionar non só un prexuízo ós alumnos afectados directamente, senón que tamén podería provocar situacións dificilmente compatibles cos principios nos que se basea a convivencia escolar. Débese, así mesmo, considera-la circunstancia de que a mencionada segregación do alumnado podería supoñer un factor xerador de violencia difícil de controlar nos centros educativos.

**II.7.14.** Considérase esencial que cando un alumno ou alumna chega novo a un centro o titor lle facilite e explique a organización e as normas de funcionamento interno que delimitan o marco para a convivencia. É algo fundamental e previo para que o alumnado se integre, participe da vida do centro e non chegue a producirse o conflito. Polo tanto, destácase a importancia de dispoñer dun plan de acollida do alumnado.





**II.7.15.** O maltrato entre iguais deberá ser deslexitimado sempre. Cando se detecte un caso concreto haberá que abordalo con inmediatez, para repara-lo dano causado á vítima e ás testemuñas e o deterioro que experimenta o propio agresor, así como para restaura-lo clima de convivencia danado.

## **II.8. En relación coas Administracións educativas**

**II.8.1.** A Administración debe ter moi en conta que hai aspectos estruturais e organizativos que poden por si mesmos contribuír de forma decisiva a mellora-la convivencia. Estes aspectos teñen normalmente moito que ver co tamaño das institucións (os centros moi grandes non facilitan en nada a convivencia, sobre todo entre o profesorado), a inserción dos centros no contorno e a do profesorado na vida da localidade, a estabilidade dos cadros, que faga posible programar a medio prazo, máis aló da inmediatez e das provisionalidades, etc.

**II.8.2.** É preciso investir máis en educación para eleva-lo nivel xeral de formación e cualificación dos traballadores e do conxunto de persoal, mediante a formación inicial e o estímulo á adquisición de novos coñecementos, así como aplicar discriminacións positivas en favor dos sectores escolares socialmente menos favorecidos.

**II.8.3.** Unha acción educativa eficaz debe permitir presentacións globalizadas e coordinadas entre o ámbito escolar e o ámbito educativo social do seu contorno. Neste sentido, é importante que outras Administracións, como son as corporacións locais, cabildos e concellos, coordinen os seus medios e contén cos recursos estables que permitan a conexión destas coa escola, canto á prevención e orientación dos rapaces do concello. A súa participación nos consellos escolares municipais, nos consellos escolares de centro ou nos plans municipais de educación social, son medidas positivas e eficaces.

**II.8.4.** É preciso establecer programas de axuda específica ós centros con máis dificultades, nos que se contemple o seguimento dos casos graves, o contacto coas familias e a detección das causas.

A crecente diversidade precisa, para a súa atención, multiplica-los recursos en infraestructuras e persoal, co fin de afronta-la complexidade organizativa e educativa. Os talleres flexibles, os plans de acción tutorial, as asembleas de alumnos, a participación familiar, a coordinación cos concellos e, a apertura do centro ó contorno son medidas eficaces se se conta con medios para a súa posta en práctica.

No cumprimento das súas funcións de impulso e coordinación, as Administracións educativas deben asegura-la incorporación dos temas ou das liñas transversais nos proxectos de centro, así como a inclusión dalgunhas cuestións básicas sobre educación en valores no currículo das diferentes áreas.



[34]

Debe velarse pola consecución da igualdade de oportunidades reais para todo o alumnado a través de medidas como: políticas de bolsas, atención ás necesidades escolares básicas, evita-la masificación dos centros, etc.



